

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Prácticas de escrita dramática
DISCIPLINA	INTRODUCCIÓN Á ESCRITA DRAMÁTICA
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Escenografía
CURSO	4º (1º cuatrimestre)
CRÉDITOS ECTS	3
CARÁCTER	Optativa
DEPARTAMENTO	Dirección escénica e dramaturxia
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Joan Giralt-Bailach
DOCENTES	Nome e apelidos: Joan Giralt-Bailach Horario titorías: Despacho: Dirección escénica e dramaturxia Contacto: joangiraltbailach@edu.xunta.gal
DESCRIPCIÓN	<p>Traballo práctico dos eixos conceptuais e as formas textuais da dramaturxia. A partir de exercicios de escrita, intégranse o dominio de procedementos e técnicas dramaturxicas. O obxectivo é xerar textos dramáticos singulares e, particularmente, unha breve peza dramática propia que recolla tanto as aprendizaxes adquiridas ao longo dos estudos como o pracer por modelar mundos e figuras coas palabras. Contribúe a ampliar e despregar o perfil creador da/o alumna/o de Escenografía, xerando materiais propios que desenvolvan a súa visión artística singular e a integrar os recursos expresivos que xa ten, ao servizo dun proxecto artístico.</p>
COÑECEMENTOS PREVIOS	
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.
T12	Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.

X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE

EE1	Concibir as ideas e propostas que fundamentan a creación do deseño, explorando a dinámica do espazo, do corpo e da luz, valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.
EE5	Estudar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.
EE6	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Coñecer e comprender os conceptos e as formas que articulan a dramaturxia textual.	T8. X1. X8. EE5. EE6.
2. Coñecer e manexar os procedementos e as técnicas da composición de textos dramáticos e partituras escénicas.	T8. X1. X8. EE1. EE5. EE6.
3. Ampliar, a través da composición textual contemporánea, os eidos de creación e de investigación da/o escenografía/o.	T6. T9. T12. T13. X3. X8. EE1.
4. Dominar a escrita das modalidades discursivas (monólogo, diálogo, conversa, polifonía), a inscrición da oralidade nos textos e a direccionalidade e interpelación da voz.	T8. X1. EE5. EE6.
5. Explorar as posibilidades expresivas e compositivas de modelos espaciais, dispositivos escénicos e mecanismos plásticos na escrita.	T6. T8. T9. X3. X5. X8. EE1. EE6.
6. Proxectar e realizar a escrita dun texto breve de creación propia seguindo unhas premisas propias.	T1. X1. X5. EE1. EE5.
7. Explorar a efectividade na recepción de estímulos para a creación.	T1. T12. T13. X3. X5. EE5
8. Ter unha actitude positiva sobre calquera proceso creativo.	T6. T9. T12. X3. X8. EE6.
9. Ser esixente cun mesmo para desenvolver as capacidades adquiridas.	T13. X1. X5.

4. CONTIDOS

TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Escrita dramática: fontes e sistemas formais	1.1 Puntos cardinais: eu; mundo; imaxinario; lingua. Puntos de partida e estímulos. 1.2 Sistemas formais e paradigmas teatrais. Puntos de chegada. 1.3 A reescrita.	3 h
2. Adestramento da escrita	2.1 Xogos formais e potencialidades da palabra dita. 2.2 Improvisacións e impromptus. 2.3 Modelos de escrita e escritas modélicas.	3 h

3. A voz é corpo	3.1 Direccionalidade e interpelacións. 3.2 Oralidade e oratura. A inscrición do corpo. 3.3 Polifonía e coralidade	6 h
4. Estrutura e instantes	4.1 Eixos dramaturxicos. 4.2 Principios compositivos, alicerces e articulacións. 4.3 Pegadas na memoria: imaxe e visualidade.	7 h
5. Técnicas dialogais	5.1 Modelos conversacionais. 5.2 Modelos non conversacionais. 5.3 A complexidade dialóxica e as desviacións.	6 h
6. Cronotopos	6.1 Modelos espaciais. Conformar espazo e tempo. 6.2 Dispositivos escénicos. Irrupción do real e artefactos. 6.3 Capas de tempos	7 h
7. A construción da recepción	7.1 Mecanismos de coherencia textual. 7.2 Partitura de efectos. 7.3 A cooperación do receptor.	6 h
8. Formalizacións	8.1 Patróns e alternativas 8.2 Escrita dunha peza breve.	7 h
TOTAL SESIÓNS		45 h

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	3	3	6
Exposición práctico-teórica	15	10	25
Práctica individual	15	20	35
Práctica colectiva	7	8	15
Tutorías individuais	3		3
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	2	4	6
Actividades de avaliación. Revisión			
TOTAL	45	45	90
PORCENTAXE	50%	50%	100%

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSIÑANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Exercicios breves na aula.	Improvisacións, impromptus, xogos formais. Adestramento da escrita.
Exercicios semanais de escrita e reescrita arredor dos contidos do temario.	Desenvolvemento dos temas coa práctica de exercicios parciais. Traballo autónomo a analizar na aula. Práctica dos eixos dramaturxicos, procedementos e mecanismos a incorporar na escrita da peza propia. Os textos resultantes pódense aproveitar como matriz ou material fragmentario do proxecto de peza breve final.
Escrita dunha peza breve.	Desenvolvemento dunha peza breve completa e rematada que poña en xogo os eixos dramaturxicos, os procedementos e os mecanismos traballados.
Lectura pública.	Mostra pública dalgúns dos textos resultantes e/ou da peza breve final.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA		
Seguimento	Atención á especificidade de cada exercicio e tarefa e á singularidade de cada proxecto.	
Orientación	Atención ás dúbidas e orientación do proxecto propio de escrita.	
8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
8.1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Seguimento diario	T1. T9. T13. X8. EE6.	10%
Exercicios parciais de composición textual. Cartafol de exercicios de escrita e reescrita.	T1. T6. T8. T13. X1. X5. EE1. EE5.	40%
Reflexión e análise sobre os textos producidos.	T6. T8. T9. T12. X1. X3. EE5.	20%
Exercicio global de escrita e composición. Texto breve completo e rematado.	T1. T8. T12. T13. X1. X3. X5. X8. EE1. EE5. EE6.	30%
8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Proba escrita; exercicios de análise e composición que implican todos os contidos do curso.	T6. T8. T12. X1. X3. X5. X8. EE1. EE5. EE6.	40%
Presentación do cartafol de exercicios de escrita e reescrita do curso.	T1. T6. T8. T13. X1. X5. EE1. EE5.	30%
Presentación dunha breve peza dramática propia, seguindo os contidos do temario e as orientacións do docente.	T1. T9. T12. T13. X1. X3. X5. X8. EE1. EE5. EE6.	30%
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Proba escrita; exercicios de análise e composición que implican todos os contidos do curso.	T6. T8. T12. X1. X3. X5. X8. EE1. EE5. EE6.	80%
Presentación dunha breve peza dramática propia, seguindo os contidos do temario e as orientacións do docente.	T1. T9. T12. T13. X1. X3. X5. X8. EE1. EE5. EE6.	20%
9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS		
Referencias básicas		
Lavandier, Yves (2003): <i>La dramaturgia. Los mecanismos del relato: cine, teatro, ópera, radio, televisión, cómic</i> , Madrid, Ediciones Internacionales Universitarias S.A.		
Ryngaert, Jean-Pierre, dir. [2005] (2013): <i>Nuevos territorios del diálogo</i> , México DF, Paso de Gato.		
Sanchis Sinisterra, José (2017): <i>Prohibido escribir obras maestras: taller de dramaturgia textual</i> , Barcelona/Ciudad Real, Institut del Teatre de Barcelona/Naque.		
Vinaver, Michel [1993] (2015): "Escrituras dramáticas: método para abordar el texto teatral", en VV. AA., <i>Antología de teorías teatrales: el aporte reciente de la investigación en Francia</i> , Bilbao, Artezblai.		
Referencias complementarias		
Sarrazac, Jean-Pierre; Joseph Danan, [2012] (2013): <i>Taller de escritura teatral</i> , México, DF, Paso de Gato		
Sarrazac, J.-P., dir. [2005] (2013): <i>Léxico del drama moderno y contemporáneo</i> , México, Paso de Gato		

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.

Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serían as que seguen:

ACTIVIDADE 1: Seguimento diario.

Competencias: T1. T9. T13. X8. EE6.

Ponderación: 10%

ACTIVIDADE 2: Cartafol exercicios de escrita e reescrita do curso.

Competencias: T1. T6. T8. T13. X1. X5. EE1. EE5.

Ponderación: 40%

ACTIVIDADE 3: Peza dramática propia.

Competencias: T1. T9. T12. T13. X1. X3. X5. X8. EE1. EE5. EE6.

Ponderación: 50%

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).